



---

# DRAMATURXIAS ITINERANTES 2024

---

19 de novembro ás 17:00 horas - Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo (Porto)  
20 de novembro ás 17:00 horas - Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Vigo)



Unha nova edición das Dramaturxias/Dramaturgias Itinerantes terá lugar en novembro e achegaranos dous novos textos dramáticos e dúas novas dramaturgas á nosa xa importante selección de mulleres escritoras de teatro de Portugal e Galicia; nesta ocasión, a autora lusa Luísa Pinto, con *My sugar baby*, e a galega Iria Pinheiro, con *Máquina do pobo*. Traballamos con ilusión e ambición para volver alcanzar o noso obxectivo de facer visibles materiais textuais escritos por mulleres dos dous lados da raia; queremos poñer á disposición do público novos textos para representar, para ler, para compartir e mesmo para transformar.

E de transformación ben saben as profesoras e o alumnado da ESAD de Galicia e da ESMAE do Porto, as dúas institucións educativas que participan no proxecto e que, como cada ano, van dar vida á palabra escrita das nosas autoras, nun proceso en que o texto muda en acción física e vocal, acercando inda máis as nosas autoras ao público do Porto e de Vigo, que ano tras ano asiste ás lecturas dramatizadas e ás conversas coas autoras protagonistas de cada edición. Mais o procedemento para dar a coñecer a autoría feminina lusa e galega non remata na lectura, senón que chega ata aquí, ata a publicación en liña dos textos, para fortalecer a súa visibilización e facilitárllelos a todas as persoas interesadas na escrita dramática e no teatro. Así mesmo, podemos acceder aos textos das dramaturgas galegas e portuguesas que participaron no proxecto en anteriores edicións: Patrícia Portela e AveLina Pérez, Ana Carreira e Joana Craveiro, Clara Gayo e Cláudia Lucas Chéu, Rita Pinheiro e Laura Porto, Esther Carrodegus e Cecilia Ferreira, e Paula Carballeira e Sofía Santos Silva.

Cada ano empeñámonos en procurar os puntos en común, as converxencias, das nosas autoras e neste foi ben doado topalas no tratamento das persoas/dos personaxes, a partir das voces que nos falan das relacións —tanto laborais como persoais— que se establecen desde o poder e nas que os corpos están suxeitos a un tratamento comercial, secuestrados e reducidos a obxectos de intercambio, subliñando a deshumanización que sofren baixo as ditas dinámicas de poder. Son temáticas de extrema actualidade que no texto de Luísa Pinto, *My sugar baby*, se fan visibles nunha parella e na súa relación “sugar”, mentres que *Máquina do pobo*, a peza de Iria Pinheiro, aposta por un percorrido emocional e social do ciclo operativo dunha fábrica a partir das voces das operarias. Nas dúas pezas as autoras estannos a falar de comercio, de traballo, de poder, desde unha perspectiva social, política, que nos axuda a comprender un pouco máis os tempos que nos toca vivir.

Finalmente, non queremos deixar de constatar a excelente alianza entre o Consello da Cultura Galega, o Instituto Camões, a ESMAE do Porto e a ESAD de Galicia, que fai posible que este proxecto sexa realidade ano tras ano.

# Programa

---

## *MÁQUINA DO POBO*

**Iria Pinheiro**

Dirección artística da lectura dramatizada: Nuria Montero Gullón.  
Interveñen: Maruxa Gemperle Ares, Sandra Zarco Fernández, Sandra Folgar Martínez e Laura Pampín Sanabria.

Colaboran na dirección: Vasta Daniel Mandlate, Carlos Puga, Daniel Pragal e Noelia Vila.

Produción: ESAD de Galicia.

Sinopse: a peza teatral que asina Iria Pinheiro preséntase como un percorrido a través das dimensións políticas, emocionais e sociais da vida operativa dunha fábrica téxtil achegándose ás distintas realidades que a compoñen. A peza rescata as voces das operarias, mais tamén das persoas propietarias, explorando as experiencias e visións que cada unha ten sobre o proceso produtivo, a súa influencia na sociedade e como o peche da fábrica vai repercutir en todas elas.

## *MY SUGAR DADY*

**Luísa Pinto**

Direção artística da leitura encenada: Cláudia Marisa.

Assistência e Design de Som: Nuno Tudela

Intervêm: António Salgado e Catarina Rapazinho.

Produção: ESMAE de Porto.

Sinopse: esta proposta fala sobre um relacionamento "sugar", que consiste em benefícios mútuos entre duas pessoas, normalmente de idades diferentes, com um acordo pré-estabelecido sobre as expectativas e trocas envolvidas. Esta peça pretende alertar para os perigos deste tipo de relacionamento, promovendo a abertura de portas para a prostituição e a violência de género, onde o limite entre sanidade e a insanidade mental se revela tão tênue que ambas se confundem.

### **Debate**

Luísa Pinto

Iria Pinheiro

Modera: Vanesa Sotelo, dramaturga e profesora da especialidade de Dramaturxia na ESAD de Galicia, será a encargada de conducir a conversa entre as dúas autoras co obxectivo de que coñezamos en profundidade a súa obra.

## Programa

---

### Iria Pinheiro

Desenvolveu a súa actividade profesional na televisión autonómica, nas artes escénicas e na música. Ademais de participar en longametraxes, curtametraxes e numerosos videoclips, destaca na disciplina do cabaré como compositora, letrista e guionista. No ano 2012 creou *DandyLady*, un *alter ego* desde o que investiga as posibilidades da poesía escénica e do que naceu *Uralita*, un filme poético cuxo guión foi escrito con María Lado e que se publicou en marzo de 2020 na editorial Cuarto de Inverno. Hoxe en día realiza un traballo de poesía escénica xunto con Mónica de Nut chamado *Kennebec*, no que a música electrónica e os versos xeran un espectáculo experimental e de vangarda. Alén diso, está a traballar na obra *Anatomía dunha serea* (teatro documental), polo que recibiu no ano 2019 dous Premios María Casares como Actriz Protagonista e Texto Orixinal (xunto coa poeta María Lado). Nese mesmo ano obtivo tamén o Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva pola súa traxectoria como actriz.

### Luísa Pinto

Doutorada em Estudos Artísticos, na especialidade de Estudos Teatrais e Performativos pela Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra. Encenadora, investigadora, atriz e professora nos cursos de Teatro da Escola Superior Artística do Porto e da Universidade de Trás-os-Montes. É investigadora integrada no Centro de Estudos Arnaldo Araújo/Esap. Tem obra publicada e profere comunicações de Teatro e Artes Performativas em diversos encontros nacionais e internacionais. Ainda no âmbito da investigação, Luisa Pinto está a fazer um Pós-Doutoramento na ECA-Escola de Comunicações e Artes da Universidade de São Paulo. É Diretora Artística da Companhia de Teatro Narrativensaio-AC. Entre 2007 e 2015 foi Diretora Artística do Teatro Municipal de Matosinhos Constantino Nery. Desde 2006 investiga e realiza projetos de Teatro em Contexto Prisional. Foi autora e apresentadora autora de programas de carácter cultural para a RTP. Foi co-realizadora do documentário *Rompendo os Muros da Prisão* e co-realizadora do *Filme Concerto-O Filho Pródigo*.

## Organizan

Consello da Cultura Galega  
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia  
Camões-Centro Cultural Português en Vigo  
Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo  
Xunta de Galicia

## Sedes

Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo  
Rua da Alegria, 503  
4000-045 Porto  
<https://www.esmae.ipp.pt/>

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia  
Rúa da Poza Cabalo, 1  
36212 Vigo  
<https://esadgalicia.com/>

## Máis información

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

